

Poemiña dos dons

Carlos Martínez

Dou gracias pola chuva.

E logo tamén dou gracias pola praia
e pola gusana do mexillón e polo ritual das gaiotas
que nunca comprendín e era perfecto e sinxelo,
coma a volta e a mudanza dunha cantiga.

Dou gracias polo carballo
e pola folla do castiñeiro e polo cheiro da noite
que me fixo ler a Ferrín e traducilo
cando non sabía ren da lingua da que brotaran Ferrín
e maila noite.

E logo por Baiona e o seu lume de auga.

Dou gracias polo viño branco e polo queixo e os cabalos
que tiñan lombos brillantes como espellos.
Dou gracias pois que no tecer dos días
non esquecín aínda a súa maneira e os seus dons.

E tamén polo ceo, o ceo todo, color calquera.

Dou gracias polo río, polo aire e polo vento
que soaba na miña casa na beiriña do mare.
Alí souben para sempre que Códax era o meu poeta
e que todo está nel e nada máis pode dicirse.

E logo pola amizade.
Dou gracias por unha casa de pedra con cadelas
e noitiñas de augardente e de poesía,
fin e principio, ídolo da ledicia.


E dou gracias porque estiven e puideron non ter estado.

E tamén pola néboa, a mai néboa,
a súa man leve a levarse da auga,
polo mar e máis a herba despois da néboa,
perfecto e sinxela coma lingua antiga.

Dou gracias por todo iso.

E tamén polo Miñor e polo Miño.

As novas do IEM



instituto estudios miñoranos